



## Mireia Manresa Potronys:

### **Os hábitos de lectura como punto de partida para a formación de lectores.**

Os hábitos lectores dos adolescentes foron amplamente estudiados desde a socioloxía da lectura durante as últimas décadas. Porén, no noso país a relación entre os resultados que ofrecen estos estudos e as actividades de programación de lectura nas aulas de secundaria non foi moi explicitada, nin se tenderon suficientes pontes entre estes ámbitos.

Nunha sociedade como a nosa, que demanda niveis de alfabetización elevados, fixar estratexias que garantan a formación dos lectores de calidade tórnase unha prioridade. Resulta, pois, imprescindible reflexionar en torno á programación das actividades de lectura para facer que estas estean ben fundamentadas e sexan o máis atinadas posible. Neste sentido, esta conferencia aborda cómo coñecer os hábitos de lectura dos adolescentes pode incidir positivamente na programación de proxectos de lectura, ao tempo que se discuten os efectos que producen algunas actuacións escolares nas prácticas lectoras da mocidade. Segundo esta liña, suxeriranse algúns eixos de programación que se basean nas características principais dos hábitos de lectura como punto de partida para deseñar estratexias que contribúan ao desenvolvemento da competencia literaria da xente nova.

Licenciada en Filoloxía Catalana; Doutora en Didáctica da Lingua e da Literatura pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB); na actualidade compaxina a docencia en secundaria, a docencia no Departamento de Didáctica de la Lengua y la Literatura de la Universidad Autónoma de Barcelona, e a formación permanente do profesorado. É coordinadora e profesora do Master en Libros y Literatura para Niños y Jóvenes, dirixido por Teresa Colomer, así como profesora do Master en Biblioteca Escolar i Promoció de la Lectura, da UB e da UAB.

As súas líñas de investigación céntranse nos hábitos lectores dos adolescentes, a programación das lecturas literarias na escola e a formación do lector.

Información sobre a actividade investigadora da conferenciante: <http://www.gretel.cat>

- MANRESA, Mireia. (2009) "Lecturas juveniles: el hábito lector dentro y fuera de la escuela". *Textos. Didáctica de la Lengua i la Literatura*, núm. 51 (abril 2009): 44-54
- MANRESA, Mireia (2007). "Lectures dels adolescents: entre la tria personal i la selecció escolar". *Articles de didàctica de la llengua i la literatura*, núm. 41: 71-86.
- MANRESA, Mireia (2006). "Les obres literàries completes a Secundària: del lector a la programació", licència de estudios concedida por el Departament d'Educació el curso 2005/06; consultable en: <http://www.xtec.cat/formacio>
- MANRESA, Mireia (en prensa). "La voz del lector adolescente: de la vida al texto". *Lectura y Vida. Revista latinoamericana de lectura*.
- MANRESA, Mireia (en prensa) "La construcción de identidades a través de la lectura adolescente: una pauta para la actuación escolar". Actas del V Congreso Internacional de ANILIJ (Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil), "Identidad/es", celebrado en León los días 21, 22 y 23 de noviembre de 2007.
- MANRESA, Mireia; SILVA-DÍAZ, Cecilia. (2005) "Dialogar per aprendre literatura" en el monográfico "Dialogar per aprender". *Articles de didàctica de la llengua i la literatura*, núm. 37: 45-56
- COLOMER, T.; MANRESA, M.; SILVA-DÍAZ, C. (2005). "Líneas de avance en el aprendizaje literario escolar". *Quaderns digitals*, julio 2005 [<http://www.quadernsdigitals.net>]. [http://www.quadernsdigitals.net/index.php?accionMenu=hemeroteca.VisualizaArticuloU.visualiza&articulo\\_id=8664](http://www.quadernsdigitals.net/index.php?accionMenu=hemeroteca.VisualizaArticuloU.visualiza&articulo_id=8664)
- DURAN, C.; MANRESA, M. (2008). "Entre països: l'acció educativa en el nostre entorn". A: T. Colomer (dir.). *Lectures adolescents*. Barcelona: Graó (59-114).
- DURAN, C; MANRESA, M. (en prensa). "Entre países: la acción educativa en nuestro entorno". En: T. Colomer (dir.). *Lecturas adolescentes* [título provisional]. Barcelona: Graó.
- COLOMER, T; MANRESA, M. (2008) "Lecturas adolescentes: entre la libertad y la prescripción". A: A. Camps i M. Milian (coords). *Miradas y voces: investigación sobre la educación lingüística i literaria en entornos plurilingües*. Barcelona: Graó, 119-130.



## Rosa Aneiros

### **“Pero... Dinís onde vive agora?”**

“Pero... Dinís onde vive agora?” evoca a interactividade necesaria entre quen escribe e quen le, ese pacto implícito que se establece no que non hai leis escritas pero si unha chea de códigos mutuamente aceptados. Por quen deixa como Pulgariño os chícharos para que outros e outras constrúan a súa propia historia. Por quen le as palabras escritas como se fosen o mundo enteiro porque, en realidade, cando lemos son o mundo enteiro. Ser capaz de compartir o libro, esfiañar as súas claves, achegar novos significados sen romper esa maxia, ese pacto implícito entre quen escribe e quen le é un dos retos que sempre me propoño cando vou comezar unha charla sobre os meus libros. Repítome iso unha e outra vez como un mantra cando teño enfronte a un número variable de persoas que me miran con ollos moi abertos pensando que van descifrar, por fin, os más agochados segredos do libro. E o único que atopan é unha pobre escritora que deita palabras para facelos soñar. Explico contextos, razóns, músicas, tiro dos novelos de personaxes pouco desenvolvidos e fágoos grandes, xogo coas pólas das árbores xenealóxicas, bailo con todo ese xeo mergullado abaixo da superficie da novela que constitúe o iceberg de Hemingway. Digo todo e non digo nada porque a novela non se explica, xógase con ela, cos significados e cos significantes. Todo o que digamos dos libros non chega nin sequera a rabuñar a súa superficie porque o importante non son as letras escritas senón a verdadeira literatura que se crea en todos e cada un de nós. Non en nós como colectivo, non, en nós, en cada persoa que bebe esa obra. Por iso, todos os clubs de lectura, todos os encontros arredor dun libro, todos os diálogos cos escritores e as escritoras non son más que intentos de compartir, non unhas palabras escritas senón a literatura que naceu en cada un de nós a partir delas. Dicía que ser capaz de compartir o libro, esfiañar as súas claves, achegar novos significados sen romper esa maxia, ese pacto implícito entre quen escribe e quen le é un dos retos que sempre me propoño cando vou comezar unha charla sobre os meus libros. Pero sempre o esquezo a medida que a charla avanza e xorden as palabras e os intercambios de opinións. Aprendín que non son eu a que ten capacidade para desfacer a maxia dese pacto, porén, son todos e cada un dos lectores e das lectoras os que posibilitan, posibilitades, que cada obriña miña sexa literatura, os que creades e crean a verdadeira maxia das palabras. “Pero... Dinís onde vive agora?”, preguntou insistentemente una lectora da miña novela *Resistencia* nun centro de secundaria. “Onde vive agora Dinís?” Aí, nesa pregunta, fica agochada e pura toda a verdadeira cerna da literatura que pretendemos apreixar en cada lectura compartida, en cada club de lectura. Simplemente compartir o pracer da literatura. “Onde vive agora Dinís?”: este será o relato da miña humilde experiencia.

Rosa Aneiros é xornalista e investigadora da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Colaboradora habitual en distintos medios de comunicación impresos e dixitais, entre eles [culturagalega.org](http://culturagalega.org) (sección Agardando as lagarteiras), *Diario de Pontevedra*, *El Progreso*, *Galicia Hoxe*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* (a través da axencia AGN), *Grial*, *Fadomorgana* ou *Casa da gramática*, ademais do programa “Un día por diante” da Radio Galega.

En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser* (Editorial Sotelo Blanco) á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (Laviovento, 2002), *Resistencia* (Xerais, 2003), *O xardín da media lúa* (Galaxia, 2004), o volume recompilatorio de artigos literarios *Agardando as lagarteiras* ([culturagalega.org](http://culturagalega.org), 2003), *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004) e *Ao pé do abismo* (Edicións Xerais de Galicia, 2007). Ten publicados relatos nos volumes colectivos *Narradoras* (Edicións Xerais de Galicia, 2000); *Relatos* (Librería Cartabón de Vigo, 1999), *Relatos gañadores do Pedrón de Ouro 1998-1999-2000* (Edicións do Castro, 2001), *Seis ferroláns* (Edicións Embora, 2003), *Alma de beiramar perdida* (A Nosa Terra, 2003), *Botella ao mar* (AGAV, 2003) e *Narradio* (Xerais, 2003).

Conta no seu haber con recoñecementos como o Modesto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998); o Manuel Lueiro Rey (1996); o Manuel Murguía (2001), o Carvalho Calero (2001), o Premio Arcebispo Juan de San Clemente (2003) ou o Premio da Crítica Losada Diéguez (2004), ademais do Premio Caixanova Francisco Fernández del Riego para textos xornalísticos.



## MESA DE EXPERIENCIAS: clubs de lectura en centros de ensino secundario de Galicia

- Club de lectura do IES A Sardiñeira, de A Coruña. Mercedes Sánchez Solano: Un club de lectura que, ao tempo, constitúese en elemento dinamizador da lectura no centro.
- **Trafegando Ronseis2 e Trafegando Ronseis3: Clubs de lectura no IES Pintor Colmeiro, de Lalín (Pontevedra).** Gracia Santorum: dous clubs de lectura, un virtual e outro presencial. O club de lectura presencial céñtrase nos Dereitos Humanos, desde os conflitos internacionais (pasando pola Guerra Civil española) ata a situación da muller.
- **Club de lectura do IES de Foz (Lugo).** Jesús Ángel García Cortázar: atención a textos de autores clásicos desatendidos polo currículo escolar (Robert L. Stevenson, Jack London, Italo Calvino, Mark Twain, Edgarr Allan Poe, Agatha Christie, Plauto....). Colaboración co club de lectura do IES Vilar Ponte, de Viveiro.
- **As catro esquinas do quinto, Club de lectura do IES Ferro Counsello, de Ourense.** Almudena Platero López de Turiso: Un club de clubs, nacido de prácticas dinamizadoras co ánimo de chegar aos rapaces pouco lectores.

Espazos web, da Consellería de Educación (Asesoría de bibliotecas escolares), para as bibliotecas escolares e a lectura:

- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog> (Asesoría bibliotecas escolares)
- <http://bega-horadeler.blogspot.com> (Hora de ler)
- <http://lerenmancomun.blogspot.com> (**Clubs de lectura**)
- <http://librosaeito.blogspot.com> (**Intercambio de lotes de libros**)

O 5 de maio de 2009 tivo lugar en Santiago de Compostela, nas instalacións da EGAP (Escola Galega de Administración Pública) a XORNADA DOS CLUBS DE LECTURA correspondente ao curso 2008/2009. Participaron o profesorado que coordina os 143 clubs de lectura que resultaron seleccionados na convocatoria da axuntanza Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de 31 de outubro de 2008, para incentivar o funcionamento de clubes de lectura en centros que matriculan alumnos de ensino secundario.

**Libros a éito**  
Espazo web para o intercambio de lotes de libros entre clubs de lectura dos centros de ensino de Galicia

Dende o club LECTURAS LEIRANTES do IES LECTORAS PULFERO, en Lugo. Moi xa empregamos este servizo grazas a Iñaki de "As maneras Novias".

Pedimos afeitarvai:

- Memorias dun raposo / Antóni Nogaliza (18 exemplares)
- O centro do febrincho / Agustín Fernández Paz (10 )
- Galán en Saor / Dario Xosé Calanca ( 10 )
- Un aventurero na escuela / Anxo MP Miqueláns e Isabel Alcalde ( 2 )
- A morte de trapo / Antón Cortázar ( 9 )
- Las aventuras de Tom Sawyer / Mark Twain (18 )
- La guerra da mi hermano / Sierra i Falca ( 7 )
- Morfías en Chafarizos / Fernando Llano ( 8 )
- Memorias de Ithomé- La resistencia ( 8 )
- La emperatriz de los Elefantes / Laura Gallego ( 6 )

Publicado por Asesoría Bibliotecas Escolares en [1/10/2009](#) | [comentarios](#)  
Etiquetas: [intercambio de libros](#)

**Libros desde Sanxenxo**  
O IES de Samos responde a 11 exemplares de El misterio da illa de Teckland, de Joán Manuel Gómez, para compartir. Contactar con Cleofes Tolosa.

Publicado por Asesoría Bibliotecas Escolares en [1/10/2009](#) | [comentarios](#)



## ***Mercedes Caballud & Carmen Carramiñana***

### ***“Leer juntos”, un programa comunitario de educación literaria a tres bandas: familias, escola, biblioteca pública.***

“Leer juntos” é un programa sempre en construcción, de participación absolutamente voluntaria e gratuita, no que familias diversas, de centros diversos, en entornos variados, comparten con profesorado e bibliotecarios igualmente plurais un proxecto común de educación literaria, ao longo dos años. Xurdíu en 1993 en Ballobar (Huesca) y hoxe existen máis de oitenta “Leer juntos” en España. Desenvólvese conforme a un amplo patrón (é dirixido, respecta a autonomía persoal, crea círculos de complicidade e afecto, o seu corazón é a tertulia...) e toma os seus propios voos en cada sitio. Busca o abrigo dun contexto cultural, non exclúe a ninguén, nin sequera aos que nunca serán lectores. Repercute no centro, na casa, no entorno, favorecendo actitudes e accións de lectura crítica, achegamento ás outras artes, implicación social. Está baixo o manto protector da grande literatura, degustada pouco a pouco, lida en soildade e ás veces en compañía. E sempre comentada desde todas as perspectivas.

**Mercedes Caballud Albiac** (Caspe, 1945) profesora de Secundaria (Lingua castelá e literatura) xubilada no presente curso. Cruz José de Calasanz ao Mérito Docente, do Departamento de Educación de Aragón. (2009) Dedicación especial ás bibliotecas escolares e a propagación da lectura literaria entre as familias, profesorado e alumnado. Impartiu formación sobre temas relacionados coa lectura, as bibliotecas escolares e públicas, o taller de escritura, a selección de lecturas, etc. en numerosas ocasións (Universidade de Tolouse, Departamento de Educación do Ministerio de Exteriores Miami (Florida), Universidade de Lleida, Centros de Profesorado, Centros Escolares, Asociacións de País, etc. Co-fundadora con Carmen Carramiñana de “*Ler juntos*” (1993) que foi Premio Nacional do Fomento da Lectura, do Ministerio de Cultura en 2005.

**Carmen Carramiñana La Vega** (Soria, 1957) Mestra de Primaria, especialidade de Francés e de Infantil. En Ballobar (Huesca) desenvolveu a maior parte dos seus anos de docencia e é co-fundadora, con Mercedes Caballud, do Programa “*Leer juntos*”, Premio Nacional do Fomento da Lectura, do Ministerio de Cultura en 2005 e Premio Nacional de FAPAR en 2004. Impartiu numerosos cursos, relatorios e talleres para profesorado, familias e bibliotecas públicas, en varias Universidades, Centros de Profesorado e outras institucións. Actualmente é asesora do Programa de Bibliotecas Escolares de Aragón.

- *Leer juntos, un programa de educación literaria siempre en construcción.* Revista “Textos”, abril 2009 (é o artigo máis completo e recente). Editorial Graó. Barcelona.

